




Manual sobre o uso de iTALC nos centros TIC-ABALAR

1 .- ¿Qué é iTALC?

iTALC é un software de monitorización orientado a aula na que se necesita facer un seguimento aos ordenadores do alumnado.



2 .- Configuración das aulas TIC-ABALAR para iTALC

A configuración das aulas para iTALC estará feita polo coordinador o coordinadora TIC do centro o algún profesor/a que a queira facer.

Menu

- Inicio
- Usuarios
- Buscar
- Alta masiva
- Baja masiva
- Grupos
- Juegos
- Italc
- Filtro de contenidos
- Apagado Remoto
- Impresoras
- Copias de Seguridad
- Bitácora
- Cambio de contraseña
- Salir

Gestión de usuarios (versión 2.03)

05 or de aulas para Italc

Cliente	IP	
Ordenador 1	168.0.114	Borrar
Ordenador 2	168.3.109	Borrar
Ordenador 3	168.0.175	Borrar
		Añadir

Carro05

05 Editar Borrar

Nueva aula

Ayuda

Si tiene alguna duda, compruebe antes el [Manual del gesuser](#).

Otros manuales

[Manual del coordinador Usuarios para alta masiva Italc](#)

Enlaces

[cO](#)
[Google](#)
[Averroes](#)

Íranse dando de alta as distintas aulas e carros de portátiles e logo procederase a ir engadindo cada unha das IPs de os diferentes equipos dándolle o nome de cliente que máis nos conveña. O modo de facelo é bastante intuitivo, accederase á aplicación ABALAR e no menú da esquerda elixiremos “ITALC”. Ao final teremos configurada a aula correspondente obténdose a relación de todos os equipos cos seus correspondentes Ips como se mostra na seguinte figura:

Configurador de aulas para Italc

Aula: 204		
Cliente	IP	
Ordenador 1	192.168.0.114	Borrar
Ordenador 2	192.168.3.109	Borrar
Ordenador 3	192.168.0.175	Borrar
Ordenador 5	192.168.2.110	Borrar
Ordenador 6	192.168.1.113	Borrar
Ordenador 4	192.168.1.112	Borrar
Ordenador 7	192.168.1.224	Borrar
Ordenador 8	192.168.0.129	Borrar
Ordenador 9	192.168.3.187	Borrar
Ordenador 10	192.168.1.111	Borrar
Ordenador 11	192.168.3.108	Borrar
Ordenador 12	192.168.0.113	Borrar
Ordenador 13	192.168.3.107	Borrar
Ordenador 14	192.168.2.109	Borrar
		Añadir

3 .- Uso de iTALC


Pola natureza do programa, este só pode ser executado por profesores/as. É dicir, deberemos ter un usuario no sistema que pertenza ao grupo do profesorado. No caso de ser así, no escritorio UBUNTU teremos un icono parecido ao seguinte:



Ao facer dobre click sobre a icona, iniciárase a aplicación. Aparecerá a lista de aulas que previamente tivésemos configuradas en o servidor para seleccionar a aula sobre a que queremos traballar.



4 .- Descripción da pantalla:



A descrición dos elementos numerados é a seguinte:

4.1 .- 1 Neste cadro aparecerá o contido seleccionado na barra de traballo. A primeira vez contén unha descrición de cada botón da barra de traballo.

4.2 .- 2 A barra de traballo ten as seguintes opcións:



a) Vista preliminar : A pequena axuda antes mencionada.

b) Xestor de Clientes: Aquí contrólanse as diferentes aulas cos seus correspondentes clientes.

c) Usuarios conectados: Mostra os nomes de usuarios que se están controlando.

d) Capturas que fixo : Como veremos máis adiante, poden realizarse capturas de pantalla dos alumnos que se desexen. Nesta xanela almacénanse as capturas que achan realizado.

e) Configuración de iTALC: Esta xanela ten un pequeno cadro de configuración para algúns aspectos de iTALC.

f) Axuda de iTALC: Presenta o botón “Modo que é isto”. Ao pulsalo, podemos seleccionar calquera elemento do interfaz de usuario para obter unha descrición detallada.


4.3 .- 3 Neste área visualízanse os escritorios de os clientes, que poden ter catro estados:

a) Ordenador apagado: O equipo non se atopa acendido nese momento.

b) Usuario non conectado: O equipo está aceso, pero ningún usuario iniciou sesión.

c) Modo Demo executándose: O cliente está a visualizar nese momento o escritorio do profesor, como se verá máis adiante.

d) Escritorio do cliente no caso de que o alumno iniciase a sesión.




4.4 .- 4 Barra de ferramentas, coas opcións dispoñibles para os clientes.

En todas as opcións, ao manter o punteiro do cursor sobre a icona ou zona desexada, móstrase unha pequena explicación da función.


5 .- Manual de uso.

A continuación seguiremos un pequeno tutorial para mostrar as funcións básicas de iTALC.

5.1 .- Engadir unha aula. Isto conséguese facendo click co botón dereito do rato na área “Xestora de Clientes” e seleccionando a opción “Editar Aula”, a continuación aparécennos varias mensaxes indicándonos que se abrirá un navegador web e pecharase iTALC, aceptamos e abrírase o navegador web . Isto xa se explicou no punto 1 por tanto non se repetirá.




5.2 .- Unha vez que temos a aula con os equipos, podemos visualizar o seu escritorio facendo dobre click sobre o equipo. Tamén podemos acceder a as opcións pulsando co botón dereito do rato sobre o equipo, ou sobre a aula, para realizar a acción a todos os equipos.



5.3 .- Accións sobre os clientes

As accións que se realizan nun cliente poden realizarse de forma simultánea en todos eles pulsando co botón dereito do rato sobre a aula desexada.



Accións sobre os clientes



a) Iniciar demo a pantalla completa: Permite ao profesor proxectar nos monitores dos alumnos o contido do seu escritorio sen posibilidade de facer uso nin do seu computador nin o do seu profesor.

b) Iniciar demo en xanela: É a mesma opción que a anterior, pero a diferenza daquela, con esta opción os alumnos visualizan o contido do escritorio do profesor nunha xanela, polo que poden seguir utilizando o equipo.

c) Parar demo: Termina o modo demo que se inicia coas dúas opcións anteriores.

d) Permitir ao cliente ver a demo: Engade a un cliente á demo proxectada nese momento.

e) Axudar a unha persoa: Permite ao profesor controlar o equipo cliente coma se estivese sentado diante. Controla o teclado e o rato.

f) Enviar mensaxe: Fai aparecer un cadro de diálogo nos clientes coa mensaxe desexada.

g) Bloquear pantalla: Bloquea o cliente e provoca que desapareza o escritorio, de forma que non pode facer uso do teclado nin do rato ata que non se desbloquee desde o equipo do profesor.

h) Desbloquear pantalla: Devolve o control do escritorio ao alumno.

i) Pechar navegadores: Pecha os navegadores web que teña abertos o alumno.

j) Facer captura de pantalla: Obtén unha captura do contido do escritorio do cliente e almacénala no apartado "Capturas que fixo" de a barra de traballo. As capturas de pantalla gárdanse no directorio persoal, no cartafol oculto .italc/screenshots.

k) Apagar: Apaga o equipo cliente.

É convinte ler o [seguinte informe](#) para coñecer outros problemas de iTALC.

